AS FAMILIAS PREGUNTAN, NÓS ACOMPAÑAMOS

O MEU FILLO AÍNDA NON FALA, DEBO PREOCUPARME?

MES DE NOVEMBRO: LINGUAXE E COMUNICACIÓN NA PRIMEIRA INFANCIA

educando en familia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

AS FAMILIAS PREGUNTAN, NÓS ACOMPAÑAMOS

As primeiras palabras son un dos momentos máis esperados polas familias. Escoitar por primeira vez un «mamá», un «papá» ou unha palabra coa que os nosos fillos e fillas comezan a expresar o que queren ou necesitan adoita ser motivo de alegría e emoción.
Pero que ocorre cando esas primeiras palabras tardan en aparecer? E se observamos que outras crianzas da mesma idade xa forman frases mentres o noso fillo ou filla apenas utiliza algunhas palabras?

Estas son algunhas das preocupacións que poden xurdir durante os primeiros anos de vida.

Desde o Servizo de Acompañamento Psicopedagóxico de Educando en Familia, queremos dedicar esta primeira publicación a comprender como se desenvolve a linguaxe, que podemos facer para favorecer a súa adquisición e en que situacións convén solicitar orientación profesional.



QUE NOS PREGUNTAN AS FAMILIAS?

«O meu fillo ten dous anos e apenas fala. É normal?»

Para responder a esta pregunta, o primeiro que debemos ter en conta é que non todas as crianzas comezan a falar ao mesmo tempo.
O desenvolvemento da linguaxe é un proceso complexo no que interveñen diferentes capacidades: escoitar, comprender, prestar atención, imitar, relacionarse cos demais e expresar necesidades, emocións e pensamentos.

Ademais, **comunicarse non é o mesmo que falar.**
Moito antes de pronunciar as primeiras palabras, os bebés xa se comunican a través do choro, o sorriso, a mirada, os xestos e os sons.

Por iso, cando queremos coñecer como se está desenvolvendo a linguaxe dunha crianza, non debemos fixarnos unicamente en cantas palabras pronuncia, senón tamén en como comprende o que lle dicimos, como se comunica coas persoas da súa contorna e que intención mostra ao facelo.



QUE DEBEMOS SABER SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE?

A linguaxe non aparece dun día para outro.

Desenvólvese progresivamente a través da interacción coas persoas e co ambiente que rodea a crianza.
Aínda que existen diferenzas individuais, podemos identificar algúns fitos orientativos:

Unha idea importante: estes fitos son orientativos, non unha carreira que todas as crianzas deban completar exactamente ao mesmo tempo. Porén, cando determinados avances non aparecen, é recomendable consultar en lugar de esperar indefinidamente

1 ANO DE VIDA

O bebé comeza a reaccionar ás voces e aos sons da contorna, experimenta coa súa propia voz, balbucea e participa en pequenos intercambios comunicativos. Progresivamente, recoñece palabras familiares, responde ao seu nome e comeza a utilizar xestos para comunicarse.

12-18 MESES

Adoitan aparecer as primeiras palabras con significado. A crianza comprende cada vez máis expresións habituais e utiliza a mirada, os xestos e as vocalizacións para pedir, mostrar ou compartir intereses.

18-24 MESES

O vocabulario adoita aumentar progresivamente. Moitas crianzas comezan a combinar dúas palabras para expresar ideas sinxelas, como «máis auga» ou «mamá ven». Tamén van comprendendo indicacións cotiás cada vez máis variadas.

2-3 ANOS

A linguaxe faise progresivamente máis complexa. Comezan a aparecer combinacións de palabras máis frecuentes, preguntas sinxelas e expresións que permiten contar pequenas experiencias ou transmitir necesidades.
A pronunciación aínda está en desenvolvemento, polo que non todas as palabras se comprenden perfectamente.



Como podemos favorecer a linguaxe desde a casa?

A mellor maneira de estimular a linguaxe durante os primeiros anos non consiste en realizar exercicios repetitivos nin en pedir constantemente que a crianza repita palabras.

A linguaxe desenvólvese especialmente nas interaccións cotiás, a través do xogo, das rutinas e das experiencias compartidas.

Fálalle durante as actividades do día a día

O momento de vestirse, preparar a comida, bañarse ou saír de paseo ofrece numerosas oportunidades para aprender palabras novas.

Podemos describir o que estamos facendo: «Agora poñemos os zapatos», «Imos lavar as mans» ou «Mira, un can está correndo».

Escoitade e respondede aos seus intentos comunicativos.

Se a crianza sinala un vaso e di «auga», podemos responder: «Queres auga? Aquí tes a túa auga».

Deste xeito, ampliamos a súa expresión sen esixirlle que repita correctamente.



Compartide contos e imaxes

Non é necesario ler sempre toda a historia. Podemos observar as ilustracións, nomear os personaxes, describir as súas accións ou deixar que a crianza participe sinalando aquilo que lle chama a atención



Xogade xuntos

Os xogos simbólicos, as cancións, as rimas, os monicreques e as actividades de imitación favorecen a comunicación e a aprendizaxe da linguaxe.

Dádelle tempo para responder

Ás veces, as persoas adultas anticipámonos ás necesidades das crianzas ou respondemos por elas. Ofrecerlles uns segundos para expresarse facilita a súa participación

Cando convén consultar cun profesional?

Aínda que existen diferentes ritmos de desenvolvemento, hai determinados sinais que nos indican que pode ser conveniente realizar unha valoración.
Algunhas situacións ás que debemos prestar atención son:

- **Arredor dos 12 meses:** ausencia de balbuceo ou escaso uso de xestos comunicativos, como sinalar ou despedirse coa man.
- **Arredor dos 18 meses**: ausencia ou presenza moi limitada de palabras con significado, ou dificultade para comprender indicacións sinxelas.
- **Arredor dos 24 meses**: vocabulario moi reducido, ausencia de combinacións espontáneas de dúas palabras ou dificultades importantes de comprensión.
- **Arredor dos 3 anos:** dificultades importantes para construír frases sinxelas ou para facerse comprender, especialmente polas persoas próximas.

Independentemente da idade, tamén debemos consultar se observamos unha **perda de habilidades comunicativas** que xa estaban adquiridas, se a crianza responde pouco aos sons ou se presenta dificultades persistentes para comunicarse e relacionarse.
A presenza dun destes sinais non significa necesariamente que exista un trastorno da linguaxe, pero si que resulta recomendable unha valoración profesional.
A detección temperá permite identificar necesidades e ofrecer os apoios adecuados no momento oportuno.
Ante calquera dúbida, podemos acudir ao servizo de pediatría e solicitar orientación de profesionais especializados en desenvolvemento infantil e linguaxe.





Para seguir aprendendo: xogamos coa linguaxe

A caixa das sorpresas

Introducimos nunha caixa diferentes obxectos coñecidos: un coche, unha culler, unha pelota ou un boneco.
Imos descubríndoos xuntos, nomeándoos, describindo as súas características e xogando con eles.
Podemos dicir: «Que apareceu? Un coche! Mira como corre!».

Que está facendo?
Empregamos fotografías familiares, contos ou imaxes de situacións cotiás.

Observamos xuntos o que aparece e comentamos as accións: «O neno está comendo», «A nena está durmindo».

Adaptaremos a linguaxe á idade e ás capacidades de cada crianza, sen convertelo nun interrogatorio.
Cancións con xestos



Para seguir aprendendo: xogamos coa linguaxe

Cancións con xestos

Escollemos cancións infantís que incorporen movementos e repeticións.
Cantamos xuntos, acompañamos as palabras con xestos e deixamos pequenos silencios para que a crianza poida participar cun movemento, un son ou unha palabra.
Estas pequenas experiencias favorecen a atención compartida, a imitación, a comprensión e a expresión oral.

PARA LEMBRAR...

Cada crianza ten o seu propio ritmo, pero acompañar ese ritmo tamén significa saber observar, detectar posibles dificultades e solicitar orientación cando sexa necesario.

Non se trata de comparar aos nosos fillos e fillas con outras crianzas, senón de coñecer mellor o seu desenvolvemento e ofrecerlles oportunidades para comunicarse, explorar e aprender.

Porque a linguaxe medra nas relacións, nos xogos e, sobre todo, nas pequenas conversas de cada día.





Servizo de Acompañamento Psicopedagóxico ás Familias

www.educandoenfamilia.org

educando en familia